

ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

CEIP REBORDÁNS. TUI

2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

TITORA: ELISA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

DATA: 6 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Curso 2019-2020



ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

ÍNDICE

1.-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2.-Avaliación e cualificación.

3.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4.-Información e publicidade.

1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CC.CC

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.1. Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e a comunica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCL ▪ CD ▪ CMCCT
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.1.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Traballaren equipo e adoitaren un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Empregar os mapas mentais como unha técnica básica de estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.3.1. Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB1.4.1. Identifica a terminoloxía propia da área. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA		
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.1.1. Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. ▪ CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CCL ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.2.1. Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios e se despertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.3.1. Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios e se cita algunha medida de respecto e recuperación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgun ecosistema en concreto: acuático, terrestre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.4.1. Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB2.5.1. Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana máis próxima. ▪ CSB2.5.2. Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CMCCT ▪ CCL

conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.5.3. Coñece e leva á práctica accións positivas para a protección do medio natural. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CSC
<ul style="list-style-type: none"> B2.6. Identificar os elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñecer algunha característica máis significativa desta. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.6.1. Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativas desta. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> B2.7. Identificar algunhas rochas e minerais presentes na contorna e recoñecer algúns usos que as persoas fan deles. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.7.1. Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CCL
<ul style="list-style-type: none"> B2.8. Empregar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade para orientarse na contorna máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB2.8.1. Elabora un esbozo plano do barrio no que está situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CAA CSIEE

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio. 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.1.1. Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía... 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.2.1. Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da 	<ul style="list-style-type: none"> CSB3.3.1. Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCL

<p>cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.</p>	<p>dunha convivencia pacífica</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.4.1. A mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras máis representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuír á súa conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.5.1. Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore, .. propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Analizar, de maneira sinxela, os cambios que as comunicacións provocaron nas actividades persoais e sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.6.1. Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou no aire. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.7.2. Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.8.1. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB3.8.2. Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.1.1. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Coñecer os instrumentos básicos para a medida do tempo, iniciarse no seu uso e manexo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.2.1. Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicianose un manexo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución do obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.3.1. Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.3.2. Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CMCCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.4. Recoñecer a cultura e o patrimonio da contorna que nos rodea comprendendo a importancia da súa conservación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.4.1. Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.5. Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.5.1. Explica que é un museo e cales son as súas funcións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSB4.5.2. Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC

2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN (procedementos / instrumentos)

Neste cadro aparecen os instrumentos e procedementos que tivemos no 1º e 2º trimestre, as probas específicas e obxectivas non se farán neste terceiro trimestre, téndose en conta a dos anteriores, por ende, aparecen no cadro, ao igual que a temporalización. Os estándares non traballados suficientemente nos dous primeiros trimestres non se terán en conta para calificar, aparecendo en vermello.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Contidos comúns							
CS-B1.1	2º-CSB1.1.1 - Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.	Recole, selecciona, organiza e chega a conclusións sinxelas da información traballada.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumno/as. INSTRUMENTOS: Creacións do alumnado.	CAA CCL CD CMCT
CS-B1.1	2º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades	Realiza actividades planificando ben calesonos pasos necesarios para levar a cabo as tarefas e coidando a súa presentación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CSIEE CAA CSC
CS-B1.2	2º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	Participa das diferentes tarefas que se lle propoñen tanto de forma individual coma en grupo, respectando as opinións dos seus compañeiros, independentemente das capacidades de aprendizaxe que poidan ter os mesmos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CSC CAA
CS-B1.3	2º-CSB1.3.1 - Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.	Fai pequenos esquemas.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumno/as. INSTRUMENTOS: Creacións do alumnado.	CAA
CS-B1.4	2º-CSB1.4.1 - Identifica a terminoloxía propia da área.	Recoñece o vocabulario que aparece nas explicacións que se fan sobre os temas en diferentes soportes.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL CMCT CSC
Bloque 2: O mundo que nos rodea							

CS-B2.1	2º-CSB2.1.1 - Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga.	Recoñece que a auga é necesaria para o aseo,alimentación, industria, sector de servizos,...etc	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CMCT CD CCL
---------	--	--	---	---	---	--	-------------------

CS-B2.1	2º-CSB2.1.2 - Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	Utiliza a auga sen malgastala porque é consciente de que é un ben que se pode esgotar,	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC	
CS-B2.2	2º-CSB2.2.1 - Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.	Recoñece a auga presente en ríos, lagos, regueiros e mar da súa contorna, ao mesmo tempo que identifica o que é un río e un mar nun mapa.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CMCT CD CAA	
CS-B2.3	2º-CSB2.3.1 - Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.	Sabe explicar os elementos básicos dun ecosistema (bosques, mares, animais,...etc) e recoñece o coidado que ten que ter o mesmo (boa xestión dos residuos, impedir a tala dos bosques sen control, prevención de incendios,...etc).			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro do desenvolvemento das producións.</p>	CMCT CSC CCL	
CS-B2.4	2º-CSB2.4.1 - Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.	Nomea os elementos básicos dun ecosistema sobre o que se traballou na aula.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro do desenvolvemento das producións.</p>	CMCT CCL	
CS-B2.5	2º-CSB2.5.1 - Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.	Sabe o que é una paisaxe natural e o que é unha paisaxe urbana, e identifica os elementos que as distinguen.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea. Proba obxectiva.</p>	CMCT	
CS-B2.5	2º-CSB2.5.2 - Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.	Recoñece os elementos dunha paisaxe decosta (mar,acantilados, pesca,...etc) e unha paisaxe de montaña (montañas, ríos, vales,...etc).			X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CMCT CCL
CS-B2.5	2º-CSB2.5.3 - Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.	Sabe a importancia que ten non ensuciar o noso entorno e as consecuencias que pode ter nel unha inadecuada conducta do tratamento dos residuos.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CMCT CSC	

CS-B2.6	2º-CSB2.6.1 - Cita algúns dos elementos básicos que conforman a paisaxe local e coñece as características máis significativas destes.	Nomea os elementos básicos da paisaxe no que vive.	X	X		<p>PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Textos escritos. Proba obxectiva.</p>	CMCT CCL
CS-B2.7	2º-CSB2.7.1 - Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.	Sabe recoñecer as rochas ou os minerais que están ao redor da súa vida cotiá (mármore, granitos, rochas da praia,...etc).			X	<p>PROCEDIMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro do desenvolvemento das producións.</p>	CMCT CCL
CS-B2.8	2º-CSB2.8.1 - Elabora un esbozo do plano do barrio no que este situada a escola e deseñar posibles itinerarios de acceso desde a súa casa.	Sinala coa axuda dun lapis o percorrido que hai da súa casa ao colexio, nun plano dado polo mestre ou polos seus pais.	X	X	X	<p>PROCEDIMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.</p>	CMCT CAA CSIEE
Bloque 3: Vivir en sociedade							
CS-B3.1	2º-CSB3.1.1 - Describe a organización social da contorna máis próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.	Sabe cales son as persoas que traballan nun concello e as súas funcións no mesmo; ao mesmo tempo que distingue que é unha localidade e que é un municipio, poñendo o exemplo do lugar en que vive.	X	X	X	<p>PROCEDIMENTOS: Intercambios orais co alumnado. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea. Proba obxectiva.</p>	CSC CCL
CS-B3.2	2º-CSB3.2.1 - Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.	Recoñece a quen ou a quenes lles corresponde cada un dos servizos do concello (limpeza das rúas, mantemento de edificios ou alumeados).	X	X	X	<p>PROCEDIMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.</p>	CSC CCL
CS-B3.3	2º-CSB3.3.1 - Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.	Recoñece accións e condutas cívicas.	X	X	X	<p>PROCEDIMENTOS: Intercambios orais co alumnado.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea, posta en común.</p>	CSC CCL
CS-B3.4	2º-CSB3.4.1 - Amona unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.	Respecta aos seus compañeiros independentemente da súa raza, entorno social ou sexo.	X	X	X	<p>PROCEDIMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC

CS-B3.5	2º-CSB3.5.1 - Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.	Fala das distintas conmemoracións que secelebran no colexio e no seu ámbito social efamiliar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC CCL CCEC
CS-B3.6	2º-CSB3.6.1 - Cita algúns cambios que provocaron, nas actividades persoais e sociais, a evolución dos medios de comunicación.	Cita os cambios máis relevantes que se levaron a cabo nos medios de comunicación (locomotora, avións, barcos, transporte terrestre ou tecnoloxía dixital coma internet).		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Rexistro do desenvolvemento das producións.	CSC CCL
CS-B3.7	2º-CSB3.7.1 - Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.	Recoñece profesións novas coas súas funcións e ferramentas que emprega. Amais valora o servizo que prestan á sociedade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Proba obxectiva.	CSC CCL
CS-B3.7	2º-CSB3.7.2 - Diferencia entre traballos na natureza, traballos nas fábricas e traballos que prestan servizos.	Sabe diferenciar os traballos da natureza, fábrica ou servizos.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Asemblea. Proba obxectiva.	CSC CAA
CSB3.8	2º-CSB3.8.1 - Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte.	Recoñece os sinais viarios que lle corresponde saber coma peón ou viaxeiro (paso de peóns, semáforo de peóns,...).	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CSC CCL CAA
CSB3.8	2º-CSB3.8.2 - Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.	Recoñece a importancia que ten o coidado e limpeza da vía pública e a importancia que ten para a súa saúde.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
Bloque 4: As pegadas do tempo							
CS-B4.1	2º-CSB4.1.1 - Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.	utiliza os conceptos temporais de antes, agora, presente,pasadoe futuro, nasúvida cotiá.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asemblea.	CCL CMCT
CS-B4.2	2º-CSB4.2.1 - Coñece os instrumentos de medida do tempo e se inicia no seu manexo.	Coñece os instrumentos de medida do tempo (calendario e reloxo), e se inicia no seu manexo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba	CMCT CAA

						obxectiva.	
CS-B4.3	2º-CSB4.3.1 - Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	Ordena cronolóxicamente no tempo unha serie de viñetas dadas ou uns pequenos textos que están en desorde.			X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva.</p>	CMCT CSC
CS-B4.3	2º-CS4.3.2 - Describe algún acontecemento vivido na familia, na escola, na súa contorna ou outros feitos próximos expresándoos con criterios temporais.	Describe calquera acontecemento vivido na súa vida cotiá dunha forma ordenada.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asemblea.</p>	CCL CSC CMCT
CS-B4.4	2º-CSB4.4.1 - Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.	Coñece a importancia que ten estudar restos históricos (castros, dolmens, castelos ou pontes), para coñecer a historia e polo tanto a vida humana.		X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro do desenvolvemento das producións.</p>	CSC CCEC
CS-B4.5	2º-CSB4.5.1 - Explica que é un museo e cales son as súas funcións.	Sabe o que é un museo e o que podemos observar e analizar nel, a través das saídas escolares que se fan ou da presentación dun museo determinado que se poida presentar via on line.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais.</p>	CCL CSC
CS-B4.5	2º-CSB4.5.2 - Recoñece os museos, e os sitios arqueolóxicos como espazos de gozo e ocio.	Recoñece que os museos e os sitios arqueolóxicos, poden servir para ter un ocio máis enriquecedor e variado.	X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CSC CCEC

2.1.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe.

No primeiro trimestre, a principio do curso, realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse as dúas primeiras avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas, a segunda a través do AbalarMóbil.

Para proceder á avaliación dos estándares de aprendizaxe da área establecemos uns procedementos e instrumentos de avaliación que veñen determinados no apartado anterior desta programación.

Os distintos estándares de aprendizaxe repartiranse en unidades didácticas en cada un dos trimestres. Dos distintos bloques de contido realizarase unha proba específica escrita. Ao finalizar o trimestre teranse en conta as distintas probas escritas realizadas e os outros procedementos de avaliación aplicados, tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	%
Análise das producións dos alumnos	Caderno de clase	20%
	Producións orais	20%
	Traballos feitos polo alumnado	30%
Probas específicas escritas	Resolución de exercicios e actividades	30%

Dadas as características deste 3º trimestre, de nova realidade polo coronavirus, este se avaliará seguindo e sumando os criterios dos dous trimestres anteriores para cualificar este terceiro e tendo presente o traballo desenvolvido neste período polo alumnado. Así pois:

Considérase que o alumno ten avaliación positiva:

- Trimestral se a súa cualificación é superior ao 5.
- Final se acadou avaliación positiva nos dous primeiros trimestres ou se, a pesar de ter un trimestre con resultado negativo no terceiro trimestre fixo un esforzo positivo, en desenvolver as tarefas propostas.

Esta área non xogará un papel prioritario na decisión da **promoción** do alumno ou alumna para o curso seguinte.

A final de curso emitirase unha **cualificación das competencias clave** tendo en conta a contribución de cada unha das áreas. Para efectuar esta cualificación elixíronse os estándares prioritarios que cada unha das áreas aportaban á cualificación de cada competencia. Os criterios de cualificación destas competencias (%) veñen especificados no apartado 3 da programación inicial do curso (septembro do 2019)

3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

A área de Ciencias Sociais, a partir do recoñecemento da propia identidade e do contorno máis próximo, inicia ao alumnado no coñecemento, na análise e na valoración do contorno físico, social e cultural.

O ensino da área toma, como base para futuras aprendizaxes, os coñecementos previos que o alumnado adquiriu en contacto co contorno. Partir da propia experiencia esperta o interese por resolver problemas sobre a realidade que os rodea e entender os fenómenos que suceden ao seu redor, tanto os referentes á súa concepción de persoa e as súas relacións cos demais, como do coñecemento e coidado do contorno natural.

A observación sistemática en situacións diferentes e a experimentación adquiren un papel relevante na interpretación de feitos e na explicación de fenómenos ou relacións. Todo iso conduce á introdución do método científico.

A integración das competencias e intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Isto conséguese:

Para que isto siga ser así neste trimestre:

- Proporanse actividades de repaso e de reforzo. (**libros, Caderniños, fichas..a través da Aula Virtual,**
- Proporanse distintas **tarefas ou proxectos** integrados nas unidade didáctica, xa traballadas, e se son novedosas con indicacións precisas para poder desenvolverlas.
- Proporanse ás familias indicacións para poder axudar no desenvolvemento das mesmas.

O **uso das TIC** é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumno/a, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento. A mosanse como elementos clave e fundamental neste contexto o uso das mesmas (páxina web, Aula Virtual. Correo electrónico...)

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que expoñen:

Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.

Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas, que favorecen a comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias básicas propias da materia.

Exercicios e actividades diversificadas que contemplan as características individuais do alumnado: traballo individual e en grupo, uso das TIC e actividades que traballan contidos fundamentais.

Material e medios:

Libros, Caderniños, fichas.. que se lle achegarán ao alumnado a través da Aula Virtual, do AbalarMóbil, do correo electrónico, de vidoconferencias...e a través da mesma escola (articulando distintas medidas)

4.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

A información ao alumnado e ás familias será por medios telemáticos Pax.web, Aula Virtual, AbalarMóbil, Correo...) e se vai sendo posible, no mesmo centro.